ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERIA E DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NO PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO.

INDICE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. ORGANO DE CONTRATACIÓN
2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL
3. OBXECTO DO CONTRATO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO
5. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO DE EXECUCIÓN
8. APTITUDE PARA CONTRATAR

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN
10. RENUNCIA E DESESTIMENTO
11. FASE 1ª: ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR DOS LICITADORES
    i.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS
    ii.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
12. FASE 2ª: VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA
13. FASE 3ª: NEGOCIACIÓN E FORMULACIÓN DA OFERTA DEFINITIVA POLOS LICITADORES
14. VALORACIÓN DAS OFERTAS DEFINITIVAS
15. ASPECTOS DO CONTRATO OBXECTO DE NEGOCIACIÓN
16. MELLORAS
17. CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS
18. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE
19. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
20. ADXUDICACIÓN
21. GARANTÍAS ESIXIBLES
22. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 1 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

23. PRAZOS
24. EXECUCIÓN DO CONTRATO
25. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
26. PERSOAL DO CONTRATISTA
27. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
28. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
    i.- Recepción do obxecto do contrato
    ii- Propiedade dos traballos realizados
29. RÉXIME DE PAGOS
30. REVISIÓN DE PREZOS
31. DEREITOS DO ADXUDICATARIO.
32. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.
33. PRAZO DE GARANTÍA
34. MODIFICACION DO CONTRATO
35. INFRACCIÓNS E PENALIDADES
36. MULTAS COERCITIVAS
37. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICÍÓN DE PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS
38. SUBCONTRATACIÓN
39. CESIÓN
40. RESOLUCIÓN DO CONTRATO
41. LIQUIDACIÓN

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

42. XURISDICIÓN
43. RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN
44. CUESTIÓN DE NULIDADE

V. ANEXOS

1. ANEXO I: FEC
2. ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
3. ANEXO III: MODELO DE INSTITUCION FINANCIERA.

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 2 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

FEC

1. DATOS DO EXPEDIENTE

A) NUMERO DE EXPEDIENTE:
B) SERVIZO XESTOR:
C) RESPONSABLE DO CONTRATO:
D) TRAMITACION:
E) TRATASE DUN CONTRATO DE REGULACION ARMONIZADA:
F) TRATASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN:
G) CAUSAS QUE XUSTIFICAN A ADOPCIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE:

2. OBXECTO

A) OBXECTO DO CONTRATO:
B) CODIFICACION OBXECTO DO CONTRATO:
   - CPA:
   - CPV:
   - CATEGORIA DO SERVIZO ANEXO II DA LCSP:
C) NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACION:
D) LOTES:

3. CONTIDO ECONÓMICO

A) PRESUPOSTO TOTAL:
B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:
C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:
D) ANUALIDADES CON IVE (se proceden):
E) DOTACIÓN POR LOTES (os prezos indicaranse con IVE e se consignará o importe correspondente ó mesmo)
F) PREZOS UNITARIOS(con IVE incluído):
G) APLICACION PRESUPUESTARIA:
H) ANTICIPADO DE GASTO:
I) FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS:
J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: (en caso afirmativo, determinarase índice ou fórmula de revisión)

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

A) PRAZO DE EXECUCIÓN:
B) PRAZOS PARCIAIS:
C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN:
D) DATA DE INICIO DO CONTRATO:

5. GASTOS DO CONTRATO

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 3 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

A) GASTOS DE PUBLICIDADE: 1.000 euros
B) GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA: 50 euros

6. CLASIFICACION E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN, EN CASO AFIRMATIVO, INDICASE GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBEL:
B) CLASIFICACIÓN QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA FINANCIERA E TÉCNICA NO CASO DE QUE POLO IMPORTE DO CONTRATO NON SE ESIXA CLASIFICACION:
C) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA
D) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA
E) MEDIOS PERSONAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO

7. CONTIDO DA PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA

A) PROPOSTA TÉCNICA:
B) PROPOSTA ECONÓMICA:
C) SE EXISE PRESENTACIÓN DO PRESUPOSTO DESGLOSADO DO SERVIZO: (si/non)
D) NÚMERO MÁXIMO DE FOLLAS:

8. MATERIAS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS QUE HAN DE SERVIR DE BASE PARA A SÚA VALORACIÓN

A) MATERIAS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN:
B) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTER EN CADA CRITERIO:
C) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTER PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS:
D) CRITERIOS PARA DETERMINAR QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

9. MELLORAS

A) ADMITE MELLORAS:
B) EN CASO AFIRMATIVO DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓNS:

10. GARANTÍAS

A) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL (EN CASO AFIRMATIVO IMPORTE):
B) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIAL (EN CASO AFIRMATIVO IMPORTE):

11. PRAZO DE GARANTÍA

12. RÉXIME DE PAGAMENTO

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 4 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

13. LUGAR DE ENTREGA

14. ASEGURAMENTO

A) PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO (en caso afirmativo clase e contía)

15. SUBCONTRATACIÓN

A) NO SEU CASO, PORCENTAXE MÁXIMO DE SUBCONTRATACIÓN:

16. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO (SI/NON):
B) ASPECTOS A MODIFICAR:
C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
D) LIMITES DA MODIFICACIÓN:
E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

17. OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

A) CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:
B) OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:
C) OUTRAS INFRACCIÓNS E/OU PENALIDADES:
D) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO:
E) OBSERVACIÓNS:

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 5 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

1.- O órgano de contratación é o Consello de Administración do OO.AA. Parque das Ciencias VigoZoo (en diante VigoZoo).

- A dirección postal é Monte da Madroa, s/n – Teis 36216 - Vigo.
- A dirección de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é www.vigo.org.
- O número de fax do Rexistro de VigoZoo é 986-370800.

2.- O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das Follas de Especificación do Contrato (en adiante FEC).

3.- O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público(en adiante TRLCSP) é o que figura no apartado 1.C das FEC. Ademais destas competencias terá as seguintes:

- Proporen ó órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- Comprobar que o contratista achega para a execución do contrato ós medios materiais e persoais esixidos.
- Proporen ó órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- Comprobar que o contratista está o corrente dos seus pagos cos provedores e subcontratistas que tiña contratado para a execución do contrato.
- Comprobar que o contratista cumpre coas condicións especiais de execución e as súas obrigas esenciais.
- Velará porque na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar a declaración de relacións laborais entre a Administración e o persoal do contratista.
- Elaborar anualmente un informe sobre o funcionamento do servizo no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes. Deste informe se dará conta ó órgano de contratación no prazo dun mes dende a súa elaboración.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 6 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

CLÁUSULA 2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

1.- O presente contrato, de natureza administrativa, cualificase como especial (artigo 19.1.b TRLCSP). Se rexerá polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Este prego establece as condicións xerais aplicables ás contratacións que tendo natureza análoga se adecúen ás condicións previstas nas cláusulas do prego. A individualización de cada contratación conformarase mediante as especificacións previstas nas FOLLAS DE ESPECIFICACIÓNS DO CONTRATO (en adiante FEC)

2.- Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- As follas de especificacións do contrato (FEC).
- O presente prego de cláusulas administrativas particulares
- O prego de prescricións técnicas.
- A oferta do Adxudicatario.
- O documento no que se formalice o contrato.

3.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexerase polas seguintes normas:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro(no sucesivo,RGLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

4.- Se o contrato é financiado con Fondos europeos (apartado 3.I da FEC) deberá someterse ás disposicións do tratado da Unión Europea e os actos fixados en virtude do mesmo e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ó Fondo Social Europeo e ó Fondo de Cohesión.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 7 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

5.- O órgano de contratación ostenta, en relación ó presente contrato, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, consonte o previsto nos artigos 210 e 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO CONTRATO

1.- O contrato terá por obxecto a prestación do servizo sinalado no apartado 2.A da FEC.

2.- No caso de que se prevexan lotes no apartado 2.D da FEC, poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos mesmos. No caso de licitarse pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta por cada lote.

3.- A CPV e a categoría do contrato no anexo II do TRLCSP figuran no apartado 2 das FEC.

CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares se satisfarán as necesidades que se describen no apartado 2.C das FEC.

CLÁUSULA 5.- RÉXIME ECONÓMICO-PRESUPOSTARIO DO CONTRATO

1.- A cantidade que neste contrato corresponde o Imposto sobre o Valor Engadido é a que se fixa no apartado 3.B da FEC.

2.- O valor estimado do contrato, de acordo co establecido no artigo 88 do TRLCSP, é o fixado no apartado 3.C da FEC

3.- No caso de que se estabelezan LOTES, o presuposto máximo de licitación para cada lote e o desglose do IVE fíxase no apartado 3.E da FEC.

4.- No apartado 3.F da FEC se fixan os prezos unitarios ou a referencia dos mesmos para o suposto que se esixan ou sexan obxecto de valoración na licitación.

CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 8 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

1.- Para o ingreso do canon por parte do adxudicatario derivado da presente contratación, se indica a aplicación presupostaria no apartado 3.G da FEC.

2.- No suposto de que no apartado 3.H da FEC se indique que o expediente de contratación se tramita como anticipado de gasto, a adxudicación do contrato quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes presupostos.

CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

1.- O prazo de execución do contrato será o estabelecido no apartado 4.A da FEC.

2.- Os prazos parciais para a execución do contrato serán, no seu caso, os establecidos no apartado 4.B da FEC.

3.- O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso do Consello de Administración de VigoZoo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

4.- Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo.

5.- A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D da FEC salvo nos supostos que se citan a continuación, nos que se fixará no contrato, dentro do prazo dos 30 días naturais seguintes á data de formalización do mesmo:

- Se no apartado 4.D da FEC non se fixa data para o comezo do contrato.
- Se por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible formalizar o mesmo antes da data sinalada no apartado 4.D da FEC.

6.- No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso debésese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada (artigo 112.2.c TRLCSP).

CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR

1.- Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a correspondente solvencia económica e técnica e non estean afectadas por

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 9 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP. Estes requisitos deberán reunirse no momento de finalización do prazo de presentación das ofertas.

2.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores presentando unha declaración responsable consonte ó modelo incluído como Anexo II a este prego.

3.- A Administración poderá requirirlles ós licitadores a acreditación destes requisitos en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación.

4.- En todo caso, o licitador situado no primeiro lugar na proposta de clasificación en orden descendente que formule a mesa de contratación deberá acreditar esta circunstancia no prazo dos dez días hábiles seguintes ó que lle sexa comunicado o acordo de clasificación adoptado polo órgano de contratación. Se acreditará, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, achegando a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quenes subscriban a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 10 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

3º) Documentos acreditativos da solvencia

- **Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 6.B das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, aos tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo de contrato.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.A das FEC.

- **Solvencia técnica e profesional:**

Acreditarase, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 6.C das FEC se determinen outros distintos:

- Coa aportación de certificados acreditativos da execución de contratos de carácter similar ós do obxecto do contrato realizados nos últimos tres anos nos que se indicarán o importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- Documento acreditativo de posuír a clasificación esixida no apartado 6.A das FEC.

4º) Habilitación profesional:

Se achegará a documentación acreditativa da habilitación empresarial ou profesional, cando resulten esixibles pola normativa vixente relativa ó servizo obxecto do contrato se así se especificase no apartado 6.E das FEC.

5º) Certificados que acrediten que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 11 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

Non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal.

5.- Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, están exentos de presentar a documentación que obre nos mesmos sempre que se atope vixente. En este caso, deberá presentarse acreditación da inscrición no correspondente rexistro actualizada á data da licitación.

6.- Presentada a documentación acreditativa da capacidade do contratista a Mesa de contratación delega na Secretaría da mesma a facultade de cualificar a documentación achegada polo licitador e, no seu caso, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 146 do TRLCSP e no apartado 2 desta cláusula, poderá requirirlle a súa subsanación, concedéndolle ó efecto un prazo de tres días hábiles e sen prexuízo da súa comprobación polos integrantes da mesa. De todo o actuado se dará conta á mesa con carácter previo á formulación por esta da proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

7.- No caso de que os datos incluídos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, a Administración municipal se reserva o dereito de emprender as accións legais oportunas para reclamarlle os danos e prexuízos que lle houbera podido causar.

II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 9.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

1.- O contrato adxudicarase aplicando o procedemento negociado con publicidade, recaendo a adxudicación no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 TRLCSP.

2.- A forma de tramitación do expediente será a fixada no apartado 1.D da FEC podendo ser:

- Ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 12 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

- Urxente, segundo o previsto no artigo 112 do TRLCSP, nese caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación.

3.- A tramitación urxente do contrato suporá a redución dos prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.

4.- O presente procedemento se desenvolverá en tres fases:

1º) Acreditación da capacidade e solvencia dos licitadores
2º) Valoración polo servizo xestor responsable do contrato da proposta técnica e económica
3º) Negociación e formulación da oferta definitiva polos licitadores

CLÁUSULA 10.- RENUNCIA E DESESTIMENTO

1.- O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos os casos antes da adxudicación do contrato.

2.- Esta circunstancia deberá ser notificada ós licitadores e comunicarse á Comisión Europea cando o contrato fose anunciado no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 155 TRLCSP).

3.- En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que tivese incorrido (artigo 155.2 TRLCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade que se fixe no apartado 5.B das FEC.

CLÁUSULA 11.- FASE 1ª: ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR DOS LICITADORES

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado aporte a documentación que integra a proposición, dividida en dous sobres: A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, B) SOBRE B: PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA.

2.- A documentación presentarase en dous sobres independentes que estarán pechados, e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran como mínimo os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A, documentación persoal” e “ Sobre B, proposta técnica e económica”.

Documento asinado

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 13 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

- Número de expediente (apartado 1.A da FEC) e obxecto da licitación (apartado 2.A da FEC) á que concorran.
- No caso de que se prevea a licitación por lotes se indicarán os lotes ós que presenta oferta.
- Os datos seguintes do licitador: Nome, CIF ou NIF, dirección postal, teléfono, fax, correo electrónico e no suposto de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia o número de inscrición.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

3.- A presentación das proposicións se poderá realizar no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza de "El Rey", 2 36202 Vigo) e no Rexistro de VigoZoo (Monte da Madroa, s/n - Teis) en horario de 9 a 13,30 horas os días laborables e de 9 a 13 horas os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Así mesmo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou Rexistro de VigoZoo, a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, dez días a partir da indicada data sen haberse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

4.- En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia.

i.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS

A documentación dos sobres A e B poderá presentarse en papel ou en formato dixital.

A presentación dixital deberá reunir os seguintes requisitos:

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 14 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

- Axuntarse en documento non editable, en formato PDF ou similar.
- O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa ou o número de rexistro da mesma no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Voluntario de Licitadores do Ministerio de Economía e Facenda, a mención do sobre de que se trate (A ou B) e o nº de expediente.
- Estar firmada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non esta asinado dixitalmente deberá acompañarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se o licitador adxunta documentos encriptados, deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abrilo.
- Se utilizase formato distinto ó PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación. Se non se facilitasen as claves de encriptación e/ou os programas citados no apartado anterior coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do correspondente sobre. En caso contrario, o licitador non será admitido na licitación de tratarse do sobre A ou será excluído da mesma de tratarse do sobre B.

O contido dos sobres será o seguinte:

A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL

Presentarase unha declaración xurada consonte o modelo incluído como Anexo II a este prego.

B) SOBRE B: PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA

Contenderá a seguinte documentación:

1. Proposición económica, que deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 7.B das FEC.
2. Calquera outra información ou documentación que, a xuízo do licitador, poida resultar útil para a valoración da oferta.

No apartado 7.B das FEC se estableceran as especificacións de presentación das ofertas.

Deberá incluírse, se así se indica no apartado das 7.C das FEC, un presuposto do servizo.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 15 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

O cálculo deste presuposto estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo alomenos, os seguintes capítulos:

I. Amortización-financiamento da inversión total en maquinaria e calquera outro material inventariable.
II. Gastos de persoal obtido por aplicación dos prezos unitarios estabelecidos no actual convenio detallado por servizos, número de empregados, categorías, días de servizo e dedicación.
III. Gastos de materiais consumibles para a prestación dos servizos.
IV. Outros gastos fixos anuais de mantemento, así como vestiario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugamentos e outros que teñan incidencia no contrato.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución material sobre os que se aplicarán as porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (determinando os licitadores estas dúas porcentaxes). Aplicando sobre o total o imposto sobre o valor engadido (IVE) obterase o prezo de cada un dos servizos obxecto do contrato.

ii.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas lle corresponde a **Mesa de contratación de VigoZoo**, cuxa composición figura no perfil do contratante do mesmo, aloxado na páxina WEB www.vigo.org.

- No día e hora anunciados no perfil do contratante, a Mesa se reunirá para a apertura dos sobres A e B.
- Aberto o sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación ós licitadores que tiñan presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma.
- Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente procedemento, lle comunicará ós interesados por correo electrónico ou fax esta circunstancia, concedéndoselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou emenden. O cómputo do citado prazo se iniciará no momento no que o licitador reciba a comunicación.
- A continuación se procederá, en acto público, a apertura do **sobre B**. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 16 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan contradigan as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador por correo electrónico ou fax ós efectos oportunos.

De todo o actuado se deixará constancia documental.

CLÁUSULA 12.- FASE 2ª: VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA

A Mesa procederá á valoración do sobre B de acordo cos criterios sinalados na cláusula 15 deste prego. A estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos.

CLÁUSULA 13.- FASE 3ª: NEGOCIACIÓN E FORMULACIÓN DA OFERTA DEFINITIVA POLOS LICITADORES

1.- A negociación se desenvolverá sobre aqueles aspectos que se determine no informe de valoración das propostas técnicas e económicas que son susceptibles de mellora.

2.- A negociación efectuarase por escrito do seguinte xeito:

- O Director de Réxime Interior comunicará por correo electrónico ós licitadores o informe de valoración das súas propostas, unha vez que este tiña sido aprobado pola mesa de contratación.
- Os licitadores, á vista do informe de valoración, poderán optar, no prazo dos tres días seguintes ó envío do mesmo, ou ben por reformular a súa oferta ou ben por manifestar por escrito que manteñen a mesma nos termos nos que foi formulada inicialmente.
- A oferta definitiva se formulará na forma e cos requisitos previstos na cláusula 11 para a documentación inicial e o seu contido será o determinado na mesma para o sobre B.
- A presentación da oferta definitiva farase por escrito e se presentará por calquera das formas admitidas para a presentación de ofertas na cláusula 11.

3.- No proceso negociador se deberán respectar en todo momento os principios de igualdade e no discriminación e seguir as seguintes pautas:

- Velar porque todos os licitadores reciban igual trato. En particular non se facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ó resto.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 17 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

- Negociar cos licitadores as ofertas que estes presenten para adaptalas ás necesidades públicas perseguidas coa presente contratación.
- O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que iso sexa posible por terse presentado un número suficiente de solucións ou de candidatos adecuados.
- No expediente deberá deixarse constancia das razóns para a aceptación ou rexeitamento das ofertas recibidas, e da súa valoración, así como das actuacións realizadas na fase negociadora.

CLÁUSULA 14.- VALORACIÓN DAS OFERTAS DEFINITIVAS

1.- No día e hora anunciados no perfil do contratante a Mesa, en acto público, procederá a apertura das ofertas definitivas. A continuación se efectuará a súa valoración.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos Pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador por correo electrónico ou fax.

CLÁUSULA 15.- ASPECTOS DO CONTRATO OBXECTO DE NEGOCIACIÓN

No apartado 8.A das FEC se sinalaran aqueles aspectos do contrato que serán obxecto de negociación. En todo caso para a súa valoración, se utilizarán os seguintes criterios:

1º.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador, e cando o valor ofertado polo licitador sexa unha porcentaxe, o valor da baixa ofertada obterase do porcentaxe de variación ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 18 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: se eliminarán as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ó Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0{,}80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:
Pmx: puntuación máxima do criterio.
Vof: valor ofertado de baixa.
Vrb: valor referencia das baixas.

c) Para valorar baixas iguales o superiores ó Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0{,}80 * Pmx + \frac{0{,}20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio.

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb.

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb.

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) Calculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 19 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador, e cando o valor ofertado polo licitador sexa unha porcentaxe, o valor do incremento ofertado obterase do porcentaxe de variación ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orden decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: se eliminará so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: se eliminarán as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: se eliminarán as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: se eliminarán as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ó Vri aplicarase a seguinte **fórmula:**

$$P = \frac{0{,}80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de incremento.

Vri: valor referencia dos incrementos.

c) Para valorar incrementos iguais ou superiores ó Vri aplicarase a seguinte **fórmula:**

$$P = 0{,}80 * Pmx + \frac{0{,}20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio.

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 20 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri.

3.- As fórmulas so serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. Non serán de aplicación cando no procedemento so exista un licitador admitido. En este caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

4.- Na aplicación das fórmulas so se terán en conta dous decimais.

5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliables mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 8.A das FEC, por orden de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación ós criterios, polo orden no que se relacionen na cláusula 8.A das FEC.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ó 2 %. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorrese en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na plantilla do seu persoal.

Se continuase o empate se efectuará un sorteo.

CLÁUSULA 16.- MELLORAS

1.- Se así se estabelece no apartado 9.A da FEC os licitadores poderán presentar melloras sobre os aspectos do proxecto e cos requisitos, límites e modalidades que se fixan no apartado 9.B da FEC.

2.- En todo caso as melloras propostas deberán ter relación directa co obxecto do contrato.

CLÁUSULA 17.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

No presente procedemento non se fixan criterios para determinar se as ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 21 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CLÁUSULA 18.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE

1.- Sen prexuízo das disposicións do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2.- De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

CLÁUSULA 19.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES

Cando o órgano de contratación ou a Mesa de contratación acorden, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicarán esta circunstancia ós licitadores a través correo electrónico ou fax.

CLÁUSULA 20.-ADXUDICACIÓN

1.- O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá ó licitador cuxa oferta estea clasificada en primeiro lugar, para que presente no prazo máximo de dez días hábiles, a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP con excepción do certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto este será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal. Así mesmo se lle esixirá a acreditación documental dos seguintes extremos:

- O pagamento dos anuncios de licitación, cuxo importe non poderá superar o límite fixado no apartado 5.A das FEC.
- Cando se esixa ó adxudicatario no apartado 14.A das FEC que concerte algún tipo de seguro, a póliza correspondente.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais ós cales se comprometeu na súa oferta.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 22 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

2.- Esta documentación será revisada pola Mesa de contratación xunto coa prevista na cláusula 8.4. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación. En caso contrario, se o licitador non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e se procederá a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

3.- O contrato deberá adxudicarse no prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da citada documentación.

4.- A adxudicación do contrato será notificada ós participantes na licitación.

CLÁUSULA 21.- GARANTÍAS ESIXIBLES

1.- Poderán esixirse as seguintes garantías:

- **Provisional**: non se esixe para participar na licitación agás cando así se indique no apartado 10.A da FEC. Cando a contratación se presente por lotes, as garantías provisionais presentaranse só respecto dos lotes ós que se licite. Neste caso se estabelecerá o importe desagregado de garantías por lote no apartado 10.A da FEC.
- **Definitiva**: o licitador clasificado en primeiro lugar deberá prestar unha garantía igual o importe do canon anual.
- **Complementaria**: se constituirá se así o esixe o apartado 10.B das FEC.

2.- As garantías poderán constituírse en calquera das formas previstas no art. 96.1 e 2 do TRLCSP, cos requisitos esixidos nos artigos 55 a 58 do RXCAP.

3.- A constitución de garantía xustificarase, segundo sexa a súa forma de constitución, do seguinte xeito:

- **En metálico ou mediante certificados de inmobilización de valores anotados públicos ou privados**, haberá de depositarse na Caixa de VigoZoo e acreditarase acompañando o resgardo xustificativo.
- Mediante **aval**, se acreditará coa presentación do documento no que se formalice.
- Mediante **contrato de seguro de caución**, se acreditará coa presentación do certificado individual de seguro.

CLÁUSULA 22.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 23 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

1.- A formalización do contrato se efectuará en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación da adxudicación.

2.- Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do adxudicatario, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ó artigo 156 do TRLCSP.

3.- Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ó artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores.

4.- Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, será requisito imprescindible que con carácter previo á formalización do contrato acheguen a escritura de constitución da mesma.

III. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 23.- PRAZOS

1.- O adxudicatario estará obrigado ó cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan estabelecido.

2.- Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorra en demora ó respecto do cumprimento do prazo total ou dalgún ou varios prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento destes últimos faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total, VigoZoo poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades que se establecen no artigo 212 do TRLCSP.

CLÁUSULA 24.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

1.- O contrato executarase con subxección ó previsto no seu clausurado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formulará o órgano de contratación ó contratista.

2.- A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de acordo cos límites e responsabilidades establecidos no artigo 215 do TRLCSP.

3.- Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen ao Organismo, os seus bens ou a terceiros como consecuencia das

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 24 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

operacións que requira a execución do contrato, de acordo co disposto no artigo 214 do TRLCSP.

4.-Con tal fin, o adxudicatario estará obrigado a contratar e manter vixente durante o período contractual as seguintes pólizas de seguros:

1) De danos do local, fronte a todo risco, que cubra as perdas ou danos materiais, polo importe ó menos de 100.000 €, e na que figure como beneficiario VigoZoo.
2) De responsabilidade civil fronte a terceiros, cunha garantía por siniestro de ó menos 100.000 euros.

CLÁUSULA 25.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1.-Se considerará condición especial de execución a obriga do contratista de estar o corrente dos pagos cos seus subcontratistas e subministradores. A administración se reserva o dereito de requerirlle documentación probatoria destes pagos sempre que o estime oportuno. En todo caso, se requirirá nos dez días anteriores á finalización do contrato.

2.- O órgano de contratación poderá establecer outras condicións especiais en relación coa execución do contrato que figurarán, no seu caso, no apartado 17.A das FEC. Estas poderán referirse, entre outras, a calquera das consideracións de tipo ambiental ou social mencionadas no artigo 118.1 do TRLCSP.

3.- Se poderá establecer como condición especial de execución a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social por estar desempregadas en circunstancias que determinen unha especial dificultade para acceder ó emprego.

4.- Se poderán establecer como condicións especiais de execución de carácter medioambiental algunha das seguintes, sempre e cando teñan relación directa co obxecto do contrato:

a) A redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs) tales como o CO2, HFC, PFC e SF6.
b) A redución de emisións contaminantes tales como as partículas (PM10, PM 2,5), os disolventes (COV) e óxidos de nitróxeno.
c) A eficiencia enerxética e utilización de fontes de enerxía renovables.
d) A minimización de vertido ao auga das sustancias priorizadas pola Directiva Marco do Auga (2000/60/CE).
e) A eliminación ou redución da utilización de produtos ou sustancias perigosas carcinogénicas, mutagénicas e tóxicas para a reprodución (CMR) e en especial a sustancias con risco R 50/53.
f) A minimización do consumo de recursos naturais como materias primas, combustibles e auga.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 25 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

g) A mínima xeración de residuos perigosos e non perigosos así como o seu reutilización ou reciclaxe.
h) A incorporación de materiais reciclados ó produto final.
i) Cumprimento dalgunhas etiquetas ecolóxicas, norma UNE 150301 de codiseño e outros distintivos de calidade do produto ou servizo.
j) Reutilización e/ou reciclado de envases e produtos usados e a súa correcta eliminación a través de xestor autorizado.
k) Recolleita selectiva dos residuos, mantendo as diferentes fraccións separadas para a súa correcta xestión.
l) Formación en materia medioambiental do persoal destinado á execución do contrato (xestión de residuos, de produtos, redución de consumos de enerxía e auga ou outros aspectos derivados das condicións ambientais establecidas no contrato.
m) Elaboración de instrucións de traballo que conteñan principalmente información ambiental, de saúde laboral e de seguridade e que estean accesibles nos postos de traballo.

5.- O incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución do contrato poderá motivar a imposición de penalidades nos termos previstos neste Prego e na lexislación vixente na materia.

CLÁUSULA 26.- PERSOAL DO CONTRATISTA

1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente estabelecidos, e coa máxima calidade e eficiencia.

2.- O persoal non terá relación ningunha co Concello, debendo ir uniformada de xeito que se distinga perfectamente do persoal do Organismo.

CLÁUSULA 27.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- O adxudicatario e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poida ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obrigación que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, de 13 de decembro de 1999.

2.- O adxudicatario deberá formar e informar ó seu persoal das obrigacións que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidésese incorrer.

CLÁUSULA 28.-CUMPRIMENTO DO CONTRATO

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 26 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación contratada.

- Recepción do obxecto do contrato

No caso de que o servizo sexa susceptible de recepción, realizarase no prazo dun mes contado desde a súa finalización. Se procedese establecer un prazo especial de recepción ou fose necesaria unha forma particular de facela, especificaranse no apartado 17.D das FEC.

Ó tempo da recepción comprobarase, en particular, o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

1ª) O cumprimento do contrato nos seus propios termos.
2ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.
3ª) O cumprimento das condicións de execución.

Se a prestación obxecto do contrato reúne as condicións debidas se procederá a súa recepción, estendéndose ó efecto acta de conformidade polo responsable do contrato.

Se a prestación do contratista non reunise as condicións necesarias para proceder á súa recepción, o responsable do contrato comunicará escrito ó contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigacións no prazo que estime oportuno, non procedendo a recepción ata que devanditas instrucións sexan cumprimentadas polo contratista, levantándose entón o acta correspondente.

CLÁUSULA 29.- RÉXIME DE PAGOS

1.- O réxime concretamente do pago do contrato, se fixará no apartado 13 das FEC.

CLÁUSULA 30.- REVISIÓN DE PREZOS

1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 27 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

2.- O importe das revisións que procedan farase efectivo mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas polo órgano de Contratación.

CLAÚSULA 31.-DEREITOS DO ADXUDICATARIO.

Ademais dos dereitos que se derivan das restantes cláusulas deste prego, do de prescricións técnicas e da normativa aplicable, o licitador que resulte adxudicatario da presente contratación terá dereito:

a) A posta a disposición polo VigoZoo do local, espazos, instalacións e demais bens que constitúan a base necesaria para o desenvolvemento da actividade e que figuran nos anexo IX.2 do prego de prescripcións técnicas, a súa ocupación e utilización, durante todo o prazo contractual e de acordo ó disposto no prego de condicións polo que se rixe.

b) Efectuar, o seu cargo, as obras de mellora, división interior e reforma no local e instalacións, que sexan aconsellables para a súa mellor funcionalidade e aproveitamento, e redunde en beneficio da actividade comercial. A tal efecto, deberá presentar memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar e solicitar a previa autorización de VigoZoo que só poderá denegala cando non concorran as circunstancias que a xustifican.

c) A percibir dos usuarios os prezos de tarifa correspondentes pola prestación do servizo de bar-cafetería obxecto deste contrato.

d) A dirixir a prestación de devandito servizo, sen prexuízo das atribucións de inspección que sobre o mesmo lle corresponden ao Organismo, especialmente a través do responsable do contrato.

e) A explotar as máquinas expendedoras, vending, que se coloquen nas instalacións do Organismo, previa autorización polo VigoZoo da colocación das mesmas, dentro dos ámbitos establecidos no anexo IX.1 do prego de prescripcións técnicas, e a facer súas as ganancias que obteñan.

f) Ceder o contrato nas condicións previstas na cláusula 39 do presente prego.

CLAÚSULA 32.-OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Documento asinado

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 28 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

Ademais das obrigas que se derivan das restantes cláusulas deste prego, do prego de prescricións técnicas e da normativa sectorial de aplicación ós establecementos de restauración, o adxudicatario tendrá as seguintes obrigas:

a) Poñer en funcionamento a cafetería na data que se indique no contrato.

b) Dotar ó local da maquinaria e menaxe necesario para o desenvolvemento da actividade de cafetería, así como o seu mantemento durante a duración do contrato.

c) Obter as licencias preceptivas para as obras e explotación da cafetería e cumprir a normativa vixente para este tipo de actividades.

d) Cumprir o contrato e non cedelo a terceiros sen consentimento expreso e previo de VigoZoo.

e) Manter ó seu cargo, en bo estado de conservación; o local, instalacións e servizos e as maquinas de vending, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto, e cumprindo estritamente as disposicións de índole hixiénico-sanitarias.

f) Instalar e poñer en funcionamento, ó seu cargo, as máquinas de vending nas instalacións municipais, solo no lugar que ó efecto se lle sinale polos servizos de VigoZoo.

g) Manter a limpeza xeral do local, comprendendo superficies, paramentos, solos, cristais, mobiliario, portas, aseos e en xeral calquera outro elemento que o requira.

Os servizos de limpeza deberán realizarse fora do horario normal de funcionamento do servizo de cafetería e puntualmente sempre que sexa necesario consonte ás seguintes normas:

1. A limpeza dos aseos, realizarase catro veces por día así como a recollida de papeis, colillas, etc. durante o horario de funcionamento da cafetería.
2. Os cubos e colectores de lixo, estarán perfectamente limpos coa tapa de peche hermético e evacuaranse diariamente, debendo depositarse nun lugar adecuado e non visibles polo público usuario do servizo.

h) Non utilizar o local de cafetería para outras actividades distintas que a prestación do servizo de cafetería, agás autorización expresa de VigoZoo.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 29 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

i) Responder dos danos ou perxuízos que poidan ocasionarse á terceiros ou ao local ou instalacións durante todo o prazo do contrato.

j) Cumprir as obrigas de carácter social, laboral e de seguridade e saude respecto do persoal que contrate pola súa conta para o desenvolvemento normal da actividade, podendo o Organismo esixir en calquera momento os xustificantes de estar ó corrente no pagamento das cotas da Seguridade Social correspondente ó seu persoal.

k) Esixir ao persoal adscrito ó servizo que estean en posesión do carnet de manipulador de alimentos antes de ser contratados, sendo esixible o xustificante de ter superado as probas coa periodicidade que estableza a regulamentación técnico sanitaria de aplicación.

l) Esixir ao persoal a utilización de roupa para uso exclusivo no traballo e en perfecto estado de limpeza e observará a máxima pulcritude no seu aseo persoal. A uniformidade deberá ser aprobada polo Organismo.

m) Satisfacer-los tributos estatais, autonómicos e locais que se deriven do exercicio da actividade.

n) Manter en perfecto estado de conservación os bens afectos ao servizo e que revertirán ao Organismo ao finalizar o contrato.

o) Non instalar máquinas de xogo con premio, nin expender bebidas alcohólicas a menores de idade.

p) Dispoñer de follas de reclamación e listas de prezos a disposición do público usuario.

q) Os medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato deberan ser identificados polo adxudicatario ao inicio do contrato quedando obrigado a comunicar ao Concello calquera variación que se produza nos mesmos.

r) A entrega do local deberá producirse ao finalizar o contrato e previa comprobación que figurará na correspondente acta na que se atopan as condicións nas que se entregou ao contratista ao iniciarse o contrato.

CLÁUSULA 33.- PRAZO DE GARANTÍA

Cando a natureza da prestación o requira ou a lexislación pertinente o esixa, se establecerá un prazo de garantía daquela que será o sinalado no apartado 11 das FEC ou o que resulte da oferta presentada polo adxudicatario, e o seu cómputo comezará a partir da data da recepción da prestación obxecto do contrato, sendo de aplicación o disposto no artigo 307 do TRLCSP.

Documento asinado

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 30 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

CLÁUSULA 34.- MODIFICACION DO CONTRATO

1.- O Órgano de Contratación so poderá modificar o contrato no caso de que así se teña especificado no apartado 16.A das FEC ou sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

2.- As modificacións acordadas terán, no seu caso, a correspondente repercusión –en máis ou en menos- sobre o prezo do contrato, que se calculará atendendo ós importes ofertados polo contratista e que serviron de base para a adxudicación.

CLÁUSULA 35.- INFRACCIÓNS E PENALIDADES

1.-Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións establecidas no presente Prego, e na normativa sectorial de aplicación.

2.- As infraccións, a súa clasificación e as sancións, serán as establecidas na normativa sectorial de aplicación, salvo que estiveran recollidas expresamente neste prego.

3.- As infraccións ao presente prego e demais documentación contractual, clasifícanse en leves, graves ou moi graves atendendo ás circunstancias concorrentes ou maior ou menor perxuizo que se cause á administración ou ós usuarios.

1. Infraccións leves:

Serán as infraccións previstas neste prego, no prego de prescricións técnicas ou no contrato que non estean clasificadas como graves ou moi graves.

2. Infraccións graves:

Serán as seguintes:

a) A desconsideración grave cos consumidores ou usuarios do local e instalacións que atenten contra a súa dignidade.
b) A demora, en máis de 10 días sobre o prazo previsto na cláusula 23 para á posta en funcionamento da actividade, salvo que conte coa condición de moi grave.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 31 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

c) O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ao servizo, que poida producir danos aos usuarios ou deterioro grave dos mesmos.
d) A falta de ornato ou limpeza do local, instalacións ou servizos hixiénicos, ou do terreo anexo.
e) O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente contrato e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave.
f) A obstrución polo adxudicatario das facultades de control e fiscalización que corresponden a VigoZoo, así como a negativa a cumprir os requirimentos que lle formulen.
g) A inobservancia do establecido neste contrato en canto a manter a disposición do público o libro de reclamacións e as listas de prezos.
h) A perda de vixencia das pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refire este Prego ou a súa modificación sen previo consentimento por escrito de VigoZoo.
i) A prohibición de acceso ao establecemento a calquera persoa sen causa xustificada.
j) A execución de obras ou instalacións de carácter permanente sen previa autorización do organismo.
k) As interrupcións ou suspensión na prestación do servizo dunha duración inferior a catro días, salvo circunstancias de forza maior.
l) O incumprimento de horario de apertura e peche ao público esporádico salvo circunstancias de forza maior.
m) O retraso no abono do canon mensual superior a un mes e inferior a dous meses sen causa xustificada.
n) A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaido resolución firme en vía administrativa.

3. Infraccións moi graves:

Serán as seguintes:

a) Con carácter xeral a comisión dunha infracción grave cando medie requirimento do Organismo para evitalo ou cesar na conduta infractora.
b) O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente prego e o de prescricións técnicas e demais normativa aplicable, que produzan consecuencias prexudiciais graves na prestación do servizo aos usuarios ou ás instalacións adscritas ao mesmo.
c) O incumprimento da normativa en materia laboral e/ou de seguridade social e de prevención de riscos laborais que signifique un atentado contra os dereitos básicos dos traballadores.
d) Ceder sen autorización municipal ou subarrendar a totalidade ou parte da explotación do servizo.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 32 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

e) As interrupcións ou suspensións na prestación do servizo aos usuarios por catro ou mais días, salvo cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior.
f) O incumprimento da obriga do adxudicatario de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ao servizo, que poida supoñer un grave perigo para a saúde dos consumidores e usuarios.
g) A inobservancia das normas sanitarias ou resolucións administrativas emanadas das autoridades sanitarias que supoñan un grave perigo para os consumidores e usuarios.
h) O incumprimento do horario mínimo de apertura ao público de forma reiterada, salvo caso de forza maior.
i) Destinar o local a actividades distintas das autorizadas.
j) O retraso do abono do canon establecido en dous ou mais meses.
k) A demora, en máis de tres meses, do prazo previsto na cláusula 23 para á posta en funcionamento da actividade comercial.
l) A comisión de dúas ou máis infraccións tipificadas como graves no presente prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaido resolución firme en vía administrativa.

4.-As infraccións previstas no presente prego lle corresponderán as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infracción leve: multa de ate 750 euros.
b) Pola comisión de infracción grave: multa de ate 1.500 euros.
c) Pola comisión de infracción moi grave: multa de ate 3.000 euros ou a resolución do contrato.

5.- O importe das contías das sancións referidas na presente cláusula entenderanse automaticamente revisadas e experimentará as mesmas variacións que as ofertadas polo adxudicatario referente ao canon na súa proposición económica.

6.- A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

7.- As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:

a) O grado de culpabilidade do infractor.
b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 33 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

c) A relevancia dos danos ou prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
d) En todo caso considerarase como agravante, a reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando asi fose declarado por resolución firme.

En todo caso considerarase como atenuante, o proceder voluntariamente, antes de que recaiga resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

CLÁUSULA 36.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ó contratista multas coercitivas cando non atenda o requirimento previo que lle efectúe o responsable do contrato para o cumprimento das súas obrigas.

2.- O seu importe será o seguinte:

a) No caso de incumprimentos de obrigas tipificadas como faltas leves na cláusula anterior, multa de 1 a 50 € por día que persista o incumprimento.
b) No caso de incumprimentos de obrigas tipificadas como faltas graves na cláusula anterior, multa de 51 a 100 € por día que persista o incumprimento.
c) No caso de incumprimentos de obrigas tipificadas como faltas moi graves na cláusula anterior, multa de 101 a 300 € por día que persista o incumprimento.

Os días comezarán a contarse dende o seguinte á recepción polo contratista da orden de cese no seu incumprimento.

A hora de graduar a multa se terá en conta os seguintes criterios de gradación:
a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico.
c) A reincidencia, por imposición no termo dun ano de máis dunha multa coercitiva.
d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento de imposición da multa, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas no artigo precedente do presente Prego.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 34 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

4.- En todo caso, VigoZoo, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a costa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción.

5.- O disposto na presente Cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do VigoZoo a reclamar a indemnización de danos e prexuízos ou a resolución do Contrato, así como da imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.

CLÁUSULA 37.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES E MULTAS COERCITIVAS

1.- O incumprimento das normas estabelecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Publicas e Procedemento Administrativo Común e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, que aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, salvo no caso das infraccións leves que previamente a ser sancionados so requirirán que se lle outorgue trámite de audiencia ao contratista.

I. Órgano competente para imposición das sancións

A imposición das sancións corresponderan á Presidenta do Organismo salvo a consistente na resolución do contrato que deberá ser acordada polo Consello de Administración.

II. Prazo de prescrición das infraccións e sancións

As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ao ano e as leves ós dous meses da súa comisión.

As sancións impostas por cada clase de infraccións do apartado anterior terán o mesmo prazo de prescripción que corresponde á infracción.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.

Documento asinado

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 35 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

III.-Pagamento das sancións

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa de VigoZoo, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de constrinximento administrativo.

CLÁUSULA 38.- SUBCONTRATACIÓN

1.- Dada a condición do contrato, non se autoriza.

CLÁUSULA 39.- CESIÓN

1.- Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato. Deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
2) Que o cedente teña executado polo menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión prodúcese atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abrise a fase de liquidación.
3) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ó cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.
4) Que a cesión se formalice en escritura pública.

2.- O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ó cedente.

CLÁUSULA 40.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e especificamente para o contrato de servizos nos artigos 308 e 309 de devandita Lei.

2.- Será causa de resolución o incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 36 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

3.- No apartado 17.D das FEC poderán estabelecerse outras causas específicas de resolución do contrato.

4.- En caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista estarase ó disposto no artigo 225.3 e 4 do TRLCSP.

CLÁUSULA 41.- LIQUIDACIÓN

Non procede neste caso.

IV. XURISDICCIÓN E RECURSOS

CLÁUSULA 42.- XURISDICIÓN

1.- As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma.

2.-O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, ós Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

3.- No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte á súa notificación ou publicación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CLÁUSULA 43.- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.- Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os seguintes actos, sempre e cando se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada ou de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da TRLCSP cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 207.000 euros:

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 37 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

- Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.
- Os acordos de adxudicación, salvo que se siga o trámite de emerxencia previsto no artigo 113 TRLCSP.

2.- No apartado 1.I das FEC se fará constar se o contrato obxecto do presente prego está suxeito ou non a recurso especial en materia de contratación.

3.- A tramitación deste recurso axustarase ó disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

4.- Contra a resolución do citado recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo.

CLÁUSULA 44.- CUESTIÓN DE NULIDADE

Nos supostos previstos no artigo 37 do TRLCSP se poderá interpoñer cuestión de nulidade no prazo dos 30 días hábiles seguintes á publicación da adxudicación do contrato ou da notificación da mesma ós licitadores, nos termos previstos no artigo 39 do TRLCSP.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 38 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I

FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC)

1. DATOS DO EXPEDIENTE

A) NÚMERO DE EXPEDIENTE: 6603/12
B) SERVIZO XESTOR: OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo
C) RESPONSABLE DO CONTRATO: Director de Réxime Interior de VigoZoo
D) UNIDADE TRAMITADORA:
E) **OFICINA CONTABLE:**LA0001999 Parque das Ciencias VigoZoo.
F) ÓRGANO XESTOR: LA0001999 Parque das Ciencias VigoZoo.
G) TRAMITACIÓN: urxente.
H) CAUSAS QUE XUSTIFICAN A ADOPCIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE: as previstas no artigo 170.c do TRLCSP
I) TRÁTASE DUN CONTRATO SOMETIDO A RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN: Non.

2. OBXECTO:

A) **OBXECTO DO CONTRATO:** a explotación do servizo de cafetaría e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (Vending) no Parque das Ciencias VigoZoo.
B) CODIFICACION OBXECTO DO CONTRATO:

- **CPA:** 55.30.14 (Outros servizos de comidas) e 55.40.10 (Servizos en establecementos de bebidas)
- **CPV:** 55410000-7 (Servizos de xestión de bares)
- **CATEGORIA DO SERVIZO ANEXO II DO TRLCSP:** 17 (outros servizos)

C) **NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACION:** garantir un servizo de cafetería no edificio administrativo de VigoZoo, dirixido ós empregados do Organismo e aos visitantes do Zoo. A estos efectos, terán a condición de visitantes todos os que accedan ás instalacións sen ser empregados.

D) LOTES: non se fixan

3. CONTIDO ECONÓMICO

A) A retribución do concesionario consistirá nos prezos que abonen os usuarios do servizo e os ingresos complementarios pola explotación das máquinas expendedoras de bebidas e sólidos.
B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%):
C) **VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 369.007,92€.
D) CANON: O canon concesional mínimo a satisfacer polo adxudicatario fíxase en 1.200,00 €.
E) DOTACIÓN POR LOTES: non
F) PREZOS UNITARIOS: non

Documento asinado

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 39 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

G) APLICACION PRESUPUESTARIA: para o ingreso do canon é a de 337.1.550.01.00 " Concesión Cefetaría ".
H) ANTICIPADO DE GASTO: non
I) FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS: non
J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: non

4. PRAZO DE EXECUCIÓN

A) **PRAZO DE EXECUCIÓN:** 4 anos.
B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan
C) **PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN:** Poderá ser obxecto de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso do Consello de Administración de VigoZoo e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.
D) DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 1 de outubro de 2015

5. GASTOS DO CONTRATO

A) GASTOS DE PUBLICIDADE: 200 €
B) GASTOS POR DESESTIMENTO OU RENUNCIA: 100 €

6. CLASIFICACION E SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

A) **CLASIFICACIÓN ALTERNATIVA QUE ACREDITE A SOLVENCIA ECONÓMICA FINANCIERA E TÉCNICA:** Non se fixa.
B) OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:
- Informe de institución financieira no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica e financieira suficiente para executar este contrato, citando o seu nome e contía.
- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
C) **OUTROS MEDIOS DE ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA:** Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade; a estos efectos o licitador deberá contar co carnet de manipulador de alimentos e experiencia profesional no sector durante dous anos como mínimo acreditada a través dos correspondentes certificados oficiais.
D) MEDIOS PERSONAIS E MATERIAIS Á ADSCRIBIR Á EXECUCIÓN DO CONTRATO: non se fixan
E) HABILITACIÓN PROFESIONAL: Poseer o carnet de manipulador de alimentos.

7. CONTIDO DA PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 40 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

A) <u>PROPOSTA TÉCNICA:</u>

B) PROPOSTA ECONÓMICA

D ....., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado da licitación para a contratación DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERIA E A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, expediente nº 6603/12, manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen a presente contratación.

2.- Propón unha rebaixa a aplicar sobre os prezos máximos fixados respecto os produtos básicos (Grupo 1) e os produtos das maquinas automáticas (grupo 3) do anexo IX.5 do prego de prescricións técnicas do ..... (%) para o primeiro ano, unha variación do.....(%) para o segundo, unha variación do.....(%) para o terceiro e unha variación do.....(%) para o cuarto.

3.- Propón un incremento do canon anual mínimo establecido no prego de ..... €, resultando un canon anual de ..... € para o primeiro ano, un incremento de .....€, para o segundo ano, un incremento de .....€, para o terceiro e un incremento de .....€ para o cuarto ano.

4.-Propón unha redución dos prezos para o menú, medio menú e menú infantil do ..... (%) para o primeiro ano, unha variación do.....(%) para o segundo, unha variación do.....(%) para o terceiro e unha variación do.....(%) para o cuarto.

5.- Propón unha redución dos prezos previstos para outros servizos do ..... (%) para o primeiro ano, unha variación do.....(%) para o segundo, unha variación do.....(%) para o terceiro e unha variación do.....(%) para o cuarto.

6.- Propón os seguintes produtos especiais (sen gluten e sen lactosa) a ofertar na cafetería (ademáis dos obrigatorios incluídos no anexo IX.5 do prego de prescricións técnicas (Grupo IV)), os seguintes:

PRODUTO	PREZO
.....	.....

7.- Propón unha redución dos prezos previsto para ó persoal municipal do ..... (%).

Lugar, data e sinatura do licitador.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 41 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

C) SE EXISE PRESENTACIÓN DO PRESUPOSTO DESGLOSADO DO SERVIZO: Non.

8. MATERIAS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS QUE HAN DE SERVIR DE BASE PARA A SÚA VALORACIÓN

A) MATERIAS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN:

1) Maior porcentaxe de rebaixa a aplicar sobre os prezos máximos fixados (ata 30 puntos).

Respecto ós produtos básicos (Grupo 1) e os produtos das maquinas automáticas (grupo 3) recollidos no Anexo IX.5 do prego de prescripcións técnicas:

Só se terán en conta, a efectos de valoración, rebaixas superiores a un 5%.
A porcentaxe de reducción será a mesma para tódolos grupos.

2) Incremento do canon anual mínimo establecido no prego (ata 30 puntos):

Só se terán en conta a efectos de valoración, os incrementos no canon anual superiores a un 10%.

3) Reducción do prezo máximo do menú, medio menú e menú infantil (ata 15 puntos).

Os prezos de referencia para este apartado están recollidos no Anexo IX.5 (Grupo 2) do prego de prescricións técnicas.

4) Reducción do prezo máximo de outros servizos (ata 10 puntos).
Os precios de referencia para este apartado están recollidos no Anexo IX.5 (Grupo 5) do prego de prescripcións técnicas.

5) Incremento da oferta de produtos especiais (sen glute e sen lactosa) (ata 10 puntos):

Para poder aplicar este criterio é preciso que o licitador oferte un mínimo de 10 produtos, que non inclúan os produtos obrigatorios incluídos no anexo IX.5 (Grupo 4). Outorgarase un punto por cada produto ofertado por enriba deste mínimo.

6) Incremento no porcentaxe de redución dos prezos previstos para ó persoal que traballe no Organismo (ata 5 puntos).

Respecto o establecido na claúsula V do prego de prescripcións técnicas.

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 42 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Para cada un dos criterios, outorgarase a maior puntuación ao que efectue cuantitativamente a mellor oferta, puntuándose de acordo coa cláusula 15 do Prego.

Para iso, se valorará a media das ofertas presentadas por cada ano para cada un dos puntos das materias de negociación.

B) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTER EN CADA CRITERIO: non se fixa
C) PUNTUACIÓN MÍNIMA A OBTER PARA A TOTALIDADE DOS CRITERIOS: non se fixa

9. MELLORAS:

A) ADMITE MELLORAS: non
B) EN CASO AFIRMATIVO DELIMITACIÓN DOS ELEMENTOS E CONDICIÓNS:

10. GARANTÍAS:

A) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA PROVISIONAL (EN CASO AFIRMATIVO IMPORTE): non
B) PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA COMPLEMENTARIA (EN CASO AFIRMATIVO IMPORTE): non
C) **PROCEDE CONSTITUÍR GARANTÍA DEFINITIVA:** o licitador clasificado en primeiro lugar deberá prestar unha garantía igual o importe do canon anual.

11. PRAZO DE GARANTÍA

Polas características das prestacións non se fixa un prazo de garantía.

12. LUGAR DE ENTREGA DAS PRESTACIÓNS

O lugar de realización das prestacións obxecto deste servizo serán os reflectidos na Cláusula III do Prego de Prescricións Técnicas que rexen o procedemento.

13. RÉXIME DE PAGAMENTO

O canon farase efectivo anualmente durante o primero mes do ano, excepto o primeiro ano que se realizará, prorrateado, antes do 30 de decembro e o último, tamén prorrateado, que se realizará un mes antes de finalizar o contrato; debendo o adxudicatario efectuar o ingreso na tesourería de VigoZoo mediante procedemento de autoliquidación, e sen necesidade de que medie notificación ou requirimento previo do Organismo.

A falta de presentación da declaración de autoliquidación ou o impago no prazo indicado, poderá dar lugar, ademais do contemplado no Regulamento

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 43 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

Xeral de Recadación para as débedas non ingresadas en período voluntario, unha sanción por importe do 50 ao 100% do non ingresado.

14.ASEGURAMENTO

A) PROCEDE CONSTITUIR SEGURO ESPECÍFICO:

O adxudicatario estará obrigado a contratar e manter vixente durante o período contractual as seguintes pólizas de seguros:

1) De danos do local municipal, fronte a todo risco, que cubra as perdas ou danos materiais, polo importe ó menos de 100.000 €, e na que figure como beneficiario VigoZoo.
2) De responsabilidade civil fronte a terceiros, cunha garantía por sinistro de ó menos 100.000 euros.

15. SUBCONTRATACIÓN:

A) NO SEU CASO, PORCENTAXE MÁXIMO DE SUBCONTRATACIÓN: Non se autoriza.

16. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: non
B) ASPECTOS A MODIFICAR:
C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:
D) LIMITES DA MODIFICACIÓN:
E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:

17.OUTROS ASPECTOS DO CONTRATO

A) OUTRAS CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:
B) OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO: non se contemplan.
C) OUTRAS INFRACCIÓNS E/OU PENALIDADES: non se establecen.
D) CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO: non se fixan
E) **OBSERVACIÓNS:**

A Mesa de Contratación unha vez abertos os sobres, poderá delegar a negociación e a proposta de negociación e clasificación e adxudicación do contrato na Sra. Presidenta da mesma, asistida polo Director de Réxime Interior.

Vigo, a data de sinatura electrónica
Fernando Carballo Villar

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 44 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Director de Réxime Interior

CONFORME,
A SRA. PRESIDENTA,
María Jesús Lago Rey

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 45 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona ....., con D.N.I. ..... con enderezo en .....

No caso de ser persoa xurídica:
En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura).
Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura)

DECLARA baixo xuramento que os datos aportados nesta declaración son exactos:

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ó contrato de ..... e que os acepta incondicionalmente.
2. Que a empresa ..... á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
3. Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que a mercantil ..... ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do presente contrato, sendo o mesmo ..... (reproducir o obxecto), segundo consta nos estatutos da empresa de data ....., inscritos no Rexistro Mercantil.
5. Que a mercantil ..... atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que a mercantil ..... atópase ó corrente no pago de salarios e Seguridade Social dos traballadores da súa plantilla.
7. Que a mercantil ..... se compromete a cumprir as condicións especiais de execución previstas no apartado 17.A da FEC.
8. Que a mercantil ..... posúe (si/non) a clasificación fixada na cláusula 6.A ou 6.B da FEC do Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta Grupo ..... Subgrupo ..... Categoría .....
9. Non suposto de que non se esixa clasificación ou, no seu caso, de non dispoñer da clasificación alternativa prevista no apartado da 6.B da FEC, manifesta:

    a) Que a mercantil ..... ten declarado unha cifra de negocios, no ámbito das actividades correspondentes ó obxecto do contrato, nas contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil, de ..... € no ano 2014, de ..... € no ano 2013 e de ..... € no ano 2012. (se a xustificase por este medio)
    b) Que, en relación coa solvencia técnica, executou contratos de servizos de prestacións análogas nos tres últimos anos, nas seguintes institucións ou empresas e polos seguintes importes,

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 46 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

que será acreditable no momento procedimental oportuno de acordo co previsto no TRLCSP.

Institución ..... Contía ..... Ano ..... e breve descrición do servizo executado .....
No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE.

10. No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acrediten mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.
11. No suposto de que se esixa habilitación profesional, declara que a mercantil ..... cumpre coas esixencias previstas no apartado 6.E da FEC.
12. Que a mercantil ..... (si/non) pertence a un grupo de empresas. En caso afirmativo, se relacionarán as outras empresas do grupo que participan na presente licitación.
13. Que a mercantil ..... acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente. A estes efectos, sinala como dirección de correo electrónico a seguinte .....
14. Que concorre a presente licitación en UTE coas seguintes mercantís: ....., e de resultar adxudicatarias participarán no capital da UTE que se constitúa cada unha delas nos seguintes porcentaxes ..... , nomeando como representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo a .....
15. No suposto de que no apartado 6.D das FEC se esixan medios persoais ou materiais, declara o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais que no mesmo se contemplan.
16. Declara que ó tempo de presentar a súa proposición, contan entre o seu persoal cun número de traballadores con discapacidade superior ó 2%, un ..... % do seu cadro de persoal, dos cales un ..... % son traballadores fixos no cadro.
17. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro se compromete a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdicional estranxeiro que lle puidese corresponder.

Lugar, data, selo e sinatura

ANEXO III

MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓN FINANCIERA

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo | Data impresión: 23/10/2015 11:15 | Páxina 47 de 48
Expediente 6603/12 | Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv

A Entidade ..... (razón social da entidade financeira), con CIF ....., domiciliada en ....., e no seu nome ....., (nome e apelidos do apoderado), con poderes suficientes para obrigarse neste acto.

Informa:

Que ..... (nome e apelidos da persoa natural ou razón social da persoa xurídica), con NIF ou CIF ....., domicilio en ....., é cliente desta entidade financeira.

Que segundo os antecedentes obrantes na mesma a mencionada empresa ten a suficiente solvencia económica e financeira para contratar co VigoZoo ..... (indicar o contrato a que se refire o presente prego).

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente en ....., a ..... de ..... de 2015.

(Firma e selo da entidade financieira).

Asinado dixitalmente polo Director de Réxime Interior de VigoZoo, Fernando Carballo Villar, e conforme da Sra. Presidenta do Organismo, na data que figura na firma electrónica

ASINADO POR: Oo.aa. Vigozoo - Director De Réxime Interior (Fernando Carballo Villar) 2015-10-08T14:01:37+02:00 - Concelleira Medio Ambiente E Vida Saudable (M Jesús Lago Rey) 2015-10-09T10:17:25+02:00 -

Documento asinado

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2015 11:15	Páxina 48 de 48
Expediente 6603/12	Código de verificación: 25E33-3EB2C-D3D28-B2428	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		